




Xesús
Lorenzo
Varela
Vázquez

DÍADASLETRAS GALEGAS



Catro poemas do pasado para gañar o futuro

Carlos Manuel Callón Torres

Os vencidos da Guerra Civil, os defensores da democracia, soñaron mundos a restaurar tras a destrución provocada polo fascismo. Temos bo exemplo disto no libro Catro poemas para catro gravados, escrito por Lorenzo Varela para acompañar outras tantas ilustracións elaboradas por Luís Seoane. Foi un libro creado no exilio, na Arxentina, en 1944. Un libro tecido coa esperanza nunha vitoria que agardaban que chegase coa derrota de Hitler e Mussolini.

Mais esa esperanza axiña se vería

Vemos tamén a Guerra Civil através da importancia concedida á loita armada, como rescoldo das batallas contra o exército golpista

frustrada: os Estados Unidos e o Vaticano, igual que a Europa "democrática", deron o seu amparo ao fascismo español e fecharon ollos, ouvidos e boca ás violacións de dereitos humanos elementais que se produciron sob as botas de Francisco Franco.

As catro figuras homenaxeadas nesta obra son María Pita, Rui



Varela, en 1942, na inauguración dunha exposición de Colmeiro á que asistiu Castelao

Xordo, María Balteira e o bispo Adaúlfo. Lembremos quen era cada un e cada unha: María Pita é a heroína que defendeu a cidade da Coruña fronte ao ataque inglés de 1589. María Balteira é a máis coñecida das soldadeiras satirizadas nas nosas cantigas medievais.

Roi Xordo é o líder da fracasada primeira revolta irmandiña. Adaúlfo foi un bispo de Iria Flavia acusado de sodomía, polo cal foi condenado a morrer diante dun touro enfurecido, mais o animal non lle fixo dano, senón que se lle achegou mansamente.

É salientábel que neste conxunto de poemas non se escureza o contributo feminino para o avanzar da historia, posto que presenta ao lector equitativamente a dúas mulleres e a dous varóns.

A obra tamén é simétrica na temática que fai que cada unha das figuras sexa motivo de homenaxe: María Pita e Rui Xordo sono por se levantaren en armas pola liberdade, mentres María Balteira e o bispo Adaúlfo teñen o seu protagonismo por seren figuras marxinalizadas por razóns morais que os versos de Varela non comparten: nin a misoxinia (o odio contra as mulleres) nin a homofobia (o odio contra os homosexuais).

Nestes textos vemos tamén a

Non pode haber mellor homenaxe para Lorenzo Varela que liberar os sonos que construíu como fillo dunha patria

Guerra Civil através da importancia concedida á loita armada, como rescoldo das recentes batallas contra o exército golpista.

Non pode haber mellor homenaxe para Lorenzo Varela e para Luís Seoane que liberar hoxe os soños que eles construíron, en tempos difíciles e como fillos dunha patria

RUY XORDO

*Aramos sobre os mortos
nesta terra
i o noso pan ten un sabor de
hosos
familiares, irmáns.
O monte berra
baixo do arado,
e chámannos os nosos*

*desde a morte con voces
conocidas:
«Nin marqueses, nin cregos,
nin doutores
fixeron as ribeiras
verdecidas,
nin o guerreiro coiro dos
tambores.*

*Os condados do polvo son
dos mortos
e quen queira ser dono desta
terra
que veña navegando aos
nosos portos.*

*Os que pidan o fruto sin
labores,
si non morren de seu, morran
de guerra,
e desta terra, así, serán
señores».*



Ruy Xordo, nun gravado de Luís Seoane, foi o líder da revolta irmandiña